

ASEMBLEA EN COMÚN ORDINARIA

Datos: 17/02/2016 Mércores

Lugar: Ourense Local en Común - As Burgas

Hora de inicio: 19:40h

Hora Estimada de remate: 22h

=====

ORDE do día

=====

1. Información dos Grupos de Traballo:

1.1. Grupo Apertura

- Encontro das mareas na Pobra:

Foi convocado polas Mareas Municipalistas. Era pór enriba da mesa conclusións da Estrada. Houbo debate sobre o que se quería que fose a marea galega. Puxéronse as conclusións en común a referendo. Decidiuse que había que dar un paso máis e dividiuse o traballo por grupos de cara a crear un movemento de mareas galego. OUeC introduciu representantes en determinados grupos como territorio, recurso ou primarias. A próxima xuntanza farase en Lugo o 21 de febreiro.

1.2. Grupo Legal, Finanzas e Loxística

- Situación das contas. Novidades

Hai 12.223 euros e falta por comprar un vinilo e un armario.

1.3. Comunicación

- Encomendas pendentes

O grupo de comunicación é o que está máis desamparado e hai tarefas que non se poden adiar. Institucional ten urxencia na comunicación. Poderíamos contar cunha persoa de xeito inminente.

Proposta de reactivar o grupo de produción da campaña.

1.4. Mediación

- Encomendas pendentes

Sobre a toma de decisións. Proponse que mediación se encargue de organizar unhas xornadas (unha monográfica).

1.5 Relato a anlise

- Encomendas pendentes

Só queda os orzamentos.

1.6. GT Local

- Situación das obras

Haberá que arreglar a persiana. Está todo rematado.

1.7. GT Repensar OUeC

- Traballos pendentes. Presentación documento emendas do repensar:

<https://drive.google.com/file/d/0B9tE1aM0mZNCsnVwR1ZaYmYwcHM/view?usp=sharing>

2. Varios

- Convocatoria da plataforma de ourense anti-ttip con grupos políticos

Finais de marzo ata mediados de abril principios de maio é cando se intentaría meter todas as mocións.

MEMORANDO DE TRANSPAR ENCIA

En base a este criterio...

...todas as convocatorias de asembleas, tanto da REDE como dos GT, serán compartidas dentro da rolda de correo-e. Podendo facer un chamamento en redes a participar da mesma previo contacto co GT de Apertura.

...todas as actas, tanto da REDE como dos GT, serán compartidas dentro da rolda de correo-e. Ademais unha síntese dos acordos da mesma e sen datos persoais será sempre difundida en redes e web.

...todas a contabilidade de OUEC deberá estar pendurada na web, informando de calquera ingreso ou gasto.

...calquera relación de OUEC con organizacións políticas ou colectivos semellantes será pendurada na web xunto cunha síntese dos temas tratándose posibles acordos.

Dáse por finalizada a asemblea ás 21 H.

Acórdase convocar a vindeira asemblea na semana do 14 ao 18 de marzo.